

## A PROPOSTA DA EMPRESA É INACEPTABEL

Para a CIG, o documento que entregou a Empresa o pasado 24 de Abril na mesa de negociación do C.C. e claramente regresivo para os intereses dos Traballador@s:

- **A indefinición** na aplicación ou non da mobilidade xeográfica
- A aposta decidida pola **movilidade funcional** (polivalencia, flexibilidade) de todo o cadro de persoal no modelo de **clasificación profesional** que quere impoñer
- **A conxelación da antigüidade** e a aparición de retribucións variables en función de obxectivos que contribuirán a individualizar as relacións laborais
- A disposición da empresa dunha **bolsa de horas** que **desregula** tanto a **xornada laboral** como o descanso en sábados, domingos e festivos
- A **omisión** dunha oferta concreta de aumento salarial
- A **ridícula** oferta de **creación de emprego**
- A perda de dereitos sindicais (modificación do punto tres do regulamento de r.i. dos comités de seguridade e saúde)
- A insultante **substitución** do **plus** de xornada **partida** por un **vale comida**
- A Empresa tampouco **garante o disfrute do mes de vacacións**
- A insistente obsesión na constitución de **mesas abertas de negociación permanente...**

Para a CIG, o ataque frontal da Empresa, ao logrado e defendido pol@s traballador@s durante anos, debería paralizar calquera posibilidade de avance na negociación do C.C., así como iniciar un proceso no que a información e participación entre tódol@s compañeir@s dea lugar a un amplo consenso e compromiso, que amporen aos representantes do C.I. na defensa das nosos intereses fronte a Empresa, obrigando a esta á retirada da proposta e a unha negociación entre iguais.

**NON TE QUEDES PARADO! NON TE QUEDES CALADO!**  
**O CONVENIO TAMÉN É COUSA TUA**

Compostela, 6 de Maio de 2008